

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Educación e O.U.

CEIP “PEDRO ANTONIO CERVIÑO”

A Lagoa – Campo Lameiro 36110 CAMPO LAMEIRO

Teléf. e Fax: 986 75 20 35 e-mail: ceip.cervinho@edu.xunta.es

<http://centros.edu.xunta.es/ceippedroantonio cervino>



CONVIVENCIA E PARTICIPACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA EN MATERIA DE CONVIVENCIA ESCOLAR



***CEIP”PEDRO
ANTONIO
CERVIÑO”
CAMPO
LAMEIRO***



APROBADO EN CLAUSTRO: 11/12/2018

APROBADO EN CONSELLO ESCOLAR: 11/12/2018

CURSO 2.019/2020

Índice:

1. *Introducción*
2. *Xustificación*
 - 2.1. *Significado de Convivencia*
 - 2.2. *Marco Conceptual.*
 - 2.3. *Marco Lexislativo.*
 - 2.4. *Obxetivo do Plan de Convivencia.*
 - 2.5 *Finalidade do Plan de Convivencia*
3. *O Plan de Convivencia no Centro*
 - 3.1. *Constitución e composición.*
 - 3.2. *Atribucións.*
 - A) *Claustro de Profesores*
 - B) *Equipo Directivo*
4. *Contextualización e avaliación inicial.*
 - 4.1. *Análise do contorno escolar.*
 - A) *Características do Centro*
 - B) *Distribución do espazo*
 - C) *Características do alumnado*
 - 4.2. *Analise conceptual*

4.3. *Análise da situación actual e das accións levadas a cabo*

4.4. *Detección de necesidades*

5. *Análise dos cuestionarios de Convivencia.*

6. *Relación coas familias.*

6.1.- *ESCOLA DE FAMILIAS*

7. *Necesidades de Formación e Recursos.*

8. *Conclusiones.*

9. *Plan de actuación:*

9.1. *Consideracións previas.*

9.2. *Actuacións previstas.*

9.3. *Protocolos de actuación.*

10. *Seguimento e Avaliación*

11. *Conclusiones e propostas de mellora.*

11.1 *Difusión do Plan.*

12. *Anexos:*

✓ *Anexo I: Cuestionarios de convivencia escolar*

✓ *Anexo II: Protocolo de actuación ante o acoso escolar.*

- **Introducción.**

O “**Plan de Convivencia**” xurde a partir da inquietude por intentar buscar de xeito colectivo accións de mellora na convivencia que fagan do noso centro educativo un espacio de participación e de relación respetuosa con todos/as e entre todos/as, buscando construír unha cultura de centro baseada na aprendizaxe de e para a convivencia.

A elaboración deste Plan baséase na necesidade de buscar unha mellora continua da calidade do ensino, entendendo este como unha coparticipación entre todos os integrantes da comunidade educativa. Si consideramos que a convivir tamén se aprende, o obxectivo fundamental será xerar prácticas de convivencia a partir do establecemento dunhas normas de convivencia elaboradas entre todos e todas.

Calquera medida que se tome, si non conta co compromiso e a participación de todos os sectores da comunidade, terá unha validez moi puntual. Se o que pretendemos é promover cambios de actitude e comportamentos **é imprescindible que tódolos membros da comunidade se impliquen neste compromiso**. Preténdese, por tanto, a creación dun marco común de converxencia coordinada de tódolos sectores que participan no proceso educativo. Procúrase, a través deste Plan, ter un coñecemento máis pormenorizado das realidades e vivencias do noso alumnado, das súas familias, do profesorado e, en definitiva, da realidade educativa na que estamos inmersos. Deste xeito acadaremos un desenvolvemento integral do alumnado facendo fronte ás necesidades que se poideran presentar.

- **Xustificación.**

O DECRETO 8/2.015, do 8 de xaneiro, desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

A comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída no artigo 31 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, competencia plena sobre a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución española e nas leis orgánicas que, conforme o punto primeiro do artigo 81 desta, o desenvolvan e das facultades que atribúe ao Estado o número 30 do punto 1 do artigo 149 da Constitución española. A Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, regula o dereito á educación, e a lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establecen os principios e fins da actividade educativa.

O Plan de Convivencia está, así mesmo, estreitamente relacionado co Plan de Acción Titorial, co Proxecto Educativo de Centro e co NOF (Normas de Organización e Funcionamento) éste é de obrigado cumprimento para tódolos membros da Comunidade educativa. Será dado a coñecer a tódolos mestres do centro, e igualmente os titores darano a coñecer ás familias dos seus tutelados nas reunión que teñen lugar durante o 1º trimestre.

Indicar, por último, que tal como recolle o Decreto 85/2007, do 12 de abril (DOG do 8 de maio), constituíse no seo do Consello Escolar, o observatorio de convivencia deste centro.

○ **O significado de CONVIVENCIA.**

A convivencia escolar é a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia os diferentes actores entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa. Ten un enfoque formativo , ao tratarse de unha aprendizaxe a enmarcada en obxectivos fundamentais e transversais e , a vez , é unha esponsabilidade compartida por toda a comunidade educativa.

○ **Marco Conceptual.**

A mellora da convivencia no ámbito escolar é unha preocupación que cada día adquire maior importancia na sociedade, aínda máis cando esta convivencia se ve alterada por situacións de conflito, xa que os efectos deixanse sentir en tódolos membros da comunidade educativa.

Nunha sociedade cambiante e plural coma a actual, na que os valores do individualismo e a competitividade enarbólanse como bandeira, a educación tense que converter no principal instrumento que contrarreste esta cultura e pola contra potencie unha sociedade baseada na liberdade, na xusticia, na igualdade, a non discriminación, a tolerancia, a soliedariedade e os dereitos humanos e, na que o diálogo sexa o principio básico para a resolución de conflitos.

Os centros educativos para elo deben converterse en referente dos valores que queremos impulsar, en consecuencia, é necesario posibilitar nos mesmos unha cultura baseada na convivencia e que facilite o tratamento eficaz dos conflitos escolares cando xurdan.

A elaboración do Plan de Convivencia nos centros educativos, é un proceso de reflexión democrática de tódolos sectores que compoñen a comunidade educativa co fin de educar integramente ao alumnado e establecer estratexias preventivas ou de intervención que contribuan a mellora da convivencia.

○ **Marco legislativo.**

Este Plan toma como documentos de referencia para a súa redacción, as seguintes disposicións legais:

- LOMCE

- Decreto 85/2007 de 12 de abril polo que se crea e regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar.

- Decreto 105/2014 de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Lei 4/2011 de 30 de xuño de Convivencia e participación da comunidade educativa.

- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro que desenrola a lei anterior.

2.4. Obxectivos do Plan de convivencia

- a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.*
- b) Concienciar e sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para mellorar e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.*
- c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.*
- d) Facilitar a prevención , a detección, o tratamento , o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.*
- e) Facilitar a prevención , detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.*
- f) Facilitar a conciliación e a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.*

- g) *Contribuir desde o ámbito da convivencia a adquisición das competencias clave, particularmente das competencias social e cidadá e para autonomía e iniciativa persoal.*
- h) *Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.*
- i) *Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan a construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.*

2.5 Finalidade do Plan de Convivencia:

O Plan de Convivencia nos centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia deberá ter como referentes xerais os principios establecidos pola Constitución española e as leis orgánicas que a desenvolvan, o estatuto de autonomía de Galicia e a lexislación que del dimanara, en especial a Lei 4/ 2011, así como a Declaración Universal dos Dereitos Humanos e os tratados internacionais en materia educativa ratificados por España.

- *Garantir un ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de forma óptima os recursos que a sociedade pon a disposición do alumnado.*

- *A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.*

- *A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.*

- *O recoñecemento ao profesorado, en especial ao equipo directivo, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica axeitada as súas funcións.*

- *A corresponsabilidade das nais e pais titoras ou tutores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lle corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas.*

- *A promoción da resolución dos conflitos e o fomento de valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.*

- *O avance no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.*

- *A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.*

3 . O PIAN DE CONVIVENCIA NO CENTRO

O Plan de Convivencia Escolar é o documento no que se articula a convivencia escolar e as liñas xerais do modelo de convivencia que se pretende implantar, os obxectivos específicos que cómpre alcanzar, as normas que a regulan e as actuacións que se deben realizar neste ámbito para a consecución dos obxectivos proxectados.

A constitución do observatorio da convivencia no centro lévase cabo seguindo as instrucións da Consellería de Educación (17 de outubro de 2007) ditadas a tal fin. Así, con data de 4 de decembro de 2007, en sesión extraordinaria do Consello Escolar constitúese o Observatorio da Convivencia do CEIP Pedro Antonio Cerviño de Campo Lameiro, quedando composto polos seguintes membros:

3.1. Constitución e Comisión de Convivencia :

Todos os membros da comisión de convivencia son axentes responsables da convivencia escolar nos termos establecidos neste decreto e participación na elaboración, no desenvolvemento, no control do cumprimento e na avaliación do plan de convivencia .

A comunidade educativa no seu conxunto velará pola aplicación das medidas que vaian encamiñadas a fomentar o respecto ás diferenzas, entre elas, a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

A comisión de convivencia foi constituída no seo do consello escolar con data 17 de Marzo de 2015 . Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que ten asignadas en materia de convivencia escolar.

O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia corresponde o/a Director/a por proposta dos colectivos integrantes.

Directora do Centro: Ana María Figueiras Folgar

Xefa de estudos: María del Carmen Sabarís Rico, que actuará como secretaria.

Orientadora do centro: María del Pilar Taboada Villanueva e demais compoñentes do Departamento de Orientación.

Coordinadora do plan de Convivencia : Bernarda Búa Teixeira.

Representantes do profesorado : Titores e profesores que en algún momento poidan estar implicados en algún conflicto que poida xurdir.

Representante das familias: Dna Carmen Becerra Fraga

Representante do persoal non docente: Carmen Fernández López.

3.2 . Atribucións:

A comisión de convivencia exercerá por delegación do consello escolar as seguintes funcións

- Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar tódolos sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas.*
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia.*
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia.*
- Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia.*
- Propor , de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro as persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.*
- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas.*
- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro.*
- Elaborar un informe anual da análise da convivencia.*
- Informar trimestralmente ao Consello Escolar*
- Elaborar un informe anual de análise de convivencia.*
- Coordinar as actuacións conxuntas dos ámbitos implicados relacionados coa mellora do clima de convivencia.*
- Propoñerlle á Administración educativa as medidas oportunas para a mellora da convivencia*
- Aqueloutras que lle sexan encomendadas pola Administración educativa ou polo Observatorio da Convivencia Escolar a nivel provincial.*

A) Claustro de profesores:

O claustro, ademais das funcións que lle atribúe o artigo 129 da Lei orgánica 2/2006, terá as funcións:

- Realizar propostas para a elaboración do plan de convivencia e das de convivencia do centro.
- Participar na avaliación anual da convivencia no centro, incidindo especialmente no desenvolvemento do plan de convivencia.
- Propor actuacións de carácter educativo, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

B) Equipo directivo correspóndelle :

Ao equipo directivo do centro correspóndelle as seguintes funcións:

- Elaborar, de ser o caso, o plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión deste, así como as demais competencias da comisión de convivencia.
- Impulsar as actividades previstas no plan de convivencia así como velar pola realización destas e polo cumprimento das normas de convivencia.
- Garantir as condicións para que exista no centro un adecuado clima escolar que favoreza a aprendizaxe e a participación do alumnado.
- Velar polo cumprimento das medidas correctoras e o desenvolvemento dos procesos e procedementos que se establecen no decreto 8/2015.

De conformidade co artigo 132.f da Lei orgánica 2/2006, correspóndelle á dirección a imposición das medidas correctoras, sen prexuízo do establecido no artigo 44 do decreto citado anteriormente.

C) A xefatura de estudos correspóndelle:

- Coordinar e dirixir as actuacións establecidas no plan de convivencia e nas normas de convivencia do centro.
- Velar polo desenvolvemento coordinado e coherente das actuacións establecidas no plan de convivencia e das actuacións relativas á mellora da convivencia reflectidas nos respectivos plans de acción tutorial e de atención á diversidade.
- Promover o exercicio da mediación que se leve a cabo no centro.

- Organizar a atención educativa do alumnado a que se lle suspendese o dereito de asistencia á clase, no marco do disposto nas normas de organización e funcionamento do centro.

O noso Plan de Convivencia Escolar manterá tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario tantas veces sexa necesario, convocado pola súa presidencia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

- **Contextualización e avaliación inicial.**

4.1. Análise do contorno escolar.

O concello de Campo Lameiro, situado na zona centro da provincia de Pontevedra, á marxe da dereita do río Lérez, ten una extensión de 64 kilómetros cadrados. Limita ao norte cos concellos de Cuntis e A Estrada; ó leste co de Cerdedo, ó sur co río Lérez que lleserve de fronteira con Cotobade e ó oeste cos concellos de Pontevedra, Barro e Moraña. Está dividido en 6 parroquias: San Miguel de Campo Lameiro, San Cristoo de Couso, Santa Mariña de Fragas, Santa María de Moimenta, San Isidro de Montes e Santiago de Morillas.

Hai que suñar que asisten ó colexio alumnos/as que pertencen ós lugares de Fentáns (concello de Cotobade) e de Cerdeiras (concello de Moraña), pola proximidade ó mesmo.

O Concello conta con uns dous mil trescentos habitantes, espallados nas seis parroquias mencionadas anteriormente, hábitat disperso, propia do interior de Galicia sendo as de maior concentración: Santa Mariña de Fragas e San Miguel do Campo. Nesta última está ubicado o CEIP Pedro Antonio Cerviño.

En canto a recursos económicos, gran parte da poboación activa desprázase á capital provincial a traballar; tamén hai unha especial adicación á agricultura con explotacións minifundistas e de tipo familiar. A actividade industrial é escasa, con predominio da produción de leite para a súa comercialización e industrialización de produtos derivados e a riqueza forestal como materia prima para a madeira (ámbalas dúas non están ubicadas no Concello nas súas fases de fabricación). As únicas industrias existentes no concello atópanse no polígono industrial .

É de destacar a riqueza artística do Concello, con especial mención para as esculturas rupestres, que fan de Campo Lameiro un centro de atención de aficionados e estudiosos dos petroglifos; e que conta cun Parque Arqueolóxico.

A) Características do Centro:

O edificio que constitúe o centro está ubicado no lugar coñecido como “A Lagoa”, sendo este o núcleo principal da actividade cultural do Concello ó atoparse nel, ademáis do colexio, a Biblioteca Pública e o Centro Cultural “Sobrino Buhigas”.

B) Distribución do espacio:

No primeiro andar: atópanse as 2 aulas de Educación Infantil (dotadas con cadanseu aseo) , dúas aulas de educación primaria .Así mesmo dispónse dun aula de “usos múltiples”. É nesta sala onde tamén se levan a cabo as diferentes celebracións , conmemoracións e outras actividades de interese xeral.

Tamén no primeiro andar se sitúan as instalacións administrativas do centro: dirección, secretaría, xefatura de estudos, sala de mestres , almacén e Departamento de orientación.

En canto a instalacións sanitarias neste primeiro andar están os aseos destinados ó alumnado e do profesorado.

No segundo andar: Na planta alta do centro podemos atopar as restantes aulas de primaria (5 clases), as aulas de inglés música, biblioteca , aula de A.L, aula de P.T. e aula de informática .

Neste andar dispoñemos dun espazo coñecido como “O FALADOIRO” con material, frases e recordatorios referentes á convivencia.Utilízase como espazo de reunión e resolución de conflitos entre os/as alumnos/as.

O patio: O Centro conta con dous espazos destinados a patios de xogo. Os alumnos/as de primaria disfrutan dun patio que circunda ó centro, con varios espazos intercomunicados: unha zona arbolada e con céspede, unha pista asfaltada con canastras de baloncesto e unha zona de multideporte aberta ó público fóra do horario escolar.

O espazo destinado ós alumnos/as de Educación Infantil é tamén compartido fóra do horario lectivo, e conta con varios elementos lúdicos e xogos de motricidade con chan de area.

Na entrada do colexio hai unha zona cuberta donde se resgardan os nenos cado chove, tanto na entrada como na saída.

O pavillón: Trátanse de instalacións municipais que o Centro emprega para as clases de E.F. outros eventos que se celebran en caso de inclemencias atmosféricas (entroido, magosto...).

C) Características dos alumnos/as:

Os alumnos/as presentan, en xeral, un bo comportamento, son educados e respetuosos; nos últimos anos non se produciron problemas graves de convivencia, Non existen no centro casos de alumnos/as expedientados ou sancionados.

Nas aulas agrúpanse por orden alfabético tendo en conta a súa idade e evitando calquera tipo de discriminación ben sexa por sexos, nivel de coñecementos, social, de habilidades,... Utilizan como lingua vehicular o idioma galego.

4.2 Análise conceptual.

É necesario comezar por clarificar algúns conceptos relacionados coa convivencia e co conflito que, se ben é certo pertencen á mesma rede gnomolóxica, tamén o é que se poden establecer certas diferenzas que fan que non se poidan empregar indistintamente.

Un vocabulario básico de traballo debe xirar arredor de conceptos como: conflito, violencia (física, psicolóxica, doméstica,...), agresividade, agresión, acoso, vandalismo, disciplina, comportamentos sexistas, xenofobia, marxinação, convivencia, respecto, absentismo, tolerancia, liberdade, autonomía, autoestima, asertividade, civismo, empatía, mediación, colaboración, humillación, igualdade... Esta relación de termos permanecerá aberta para poder incorporar calquera outro que poida xurdir ao longo do traballo.

Como mencionamos anteriormente entendemos a convivencia como a capacidade de interactuar cos diferentes grupos sociais de xeito asertivo, respectando os dereitos dos outros e mantendo a amizade mutua. Pola contra entendemos o conflito como a confrontación que se produce entre diversos intereses. A actitude coa que se enfronta unha persoa a un conflito é máis importante que a resolución do conflito mesmo. Os esforzos deben centrarse en buscar solucións cunha actitude colaboradora e de flexibilidade para o cambio.

4.3 Análise da situación actual e das accións levadas a cabo.

Ata o momento desenvolvéronse as seguintes actuacións co fin de mellorar a convivencia: actuacións individuais, puntuais, do equipo directivo, do departamento de orientación, da comisión de coordinación pedagóxica, da comisión de convivencia, aquelas realizadas en colaboración con outras entidades, etc.

Contamos co NOF (Normas de Organización e Funcionamento) como o instrumento que regula os diversos aspectos da convivencia no centro, en especial os dereitos e deberes de alumnado e profesorado, as normas contrarias á convivencia e as correccións previstas.

No Plan de Acción Tutorial recóllense diversas actividades que realizamos e están favorecendo a convivencia:

- *Actuación directa dos titores/as ao longo do horario de clases.*
- *Facilitar a integración do alumnado no grupo-clase e na vida do centro.*
- *Canalizar os seus problemas e inquedanzas.*
- *Actividades organizadas ao redor da celebración do Día Internacional da Paz.*
- *Titorías coas familias para tratar aspectos de comportamento dos fillos, tanto individualmente como de grupo.*
- *Actuación d@s titor@s como mediador@s entre familias, profesorado e alumnado*

Plan de Convivencia	
1.- Obxectivos	2.- Actividades propostas
<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Previr conflitos de convivencia no centro educativo.</i> ▪ <i>Conseguir a integración de todo o alumnado sen discriminación por raza, sexo, idade ou discapacidade</i> ▪ <i>Crear un clima de respecto, diálogo e colaboración entre os membros da comunidade educativa.</i> ▪ <i>Sensibilizar ao profesorado, as nais, pais e titores sobre a importancia de prever conductas violentas nos seus alumnos/as, fillos/as.</i> ▪ <i>Mellorar o clima de convivencia nos centros en beneficio dunha educación de calidade.</i> 	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Creación do observatorio da convivencia no seo do Consello Escolar(A).</i> • <i>Utilización da revista “O Cervo” e da páxina web do centro como medios de prevención de conflitos(B).</i> • <i>Realización de actividades con motivo do día da Paz(C).</i> • <i>Coordinación de actividades cos centros educativos da zona para fomentar a participación e o respecto entre iguais. Deporte na escola (E).</i> • <i>Xogos cooperativos fomentando a participación (F).</i> • <i>Cuestionarios de convivencia escolar para o profesorado e as familias (G).</i>
3.- Temporalización e desenvolvemento das actividades.	4.- Avaliación e melloras
<p>A- <i>Creada en reunión do Consello escolar o 17/03/2.015</i></p> <p>B- <i>Fomentar traballos relacionados coa convivencia, o respecto e a igualdade de sexos. A súa publicación, que vai no nº 12 está prevista para a segunda quincena de xuño. Publicación de traballos sobre a “Paz” na páxina web, dándolles a coñecer a toda a comunidade educativa (2º trimestre). Posibilitar enlaces a páxinas relacionadas coa convivencia. (2º e 3º trimestres).</i></p> <p>C- <i>30 de xaneiro. As actividades podense</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Seguimento e información por parte do observatorio de convivencia do grado de cumprimentos dos obxectivos e da posta en práctica das actividades propostas. Realízanse, como mínimo unha reunión ó trimestre.</i> • <i>Observación directa do comportamento do alumnado</i>

<p>consultar na páxina web do centro (http://centros.edu.xunta.es/ceippedroantoniocervino/).</p> <p>D- Co fin de crear un clima de colaboración e integración dos nenos/as realízanse actividades tales como magosto, festival de Nadal, entroido, festival das letras galegas e saídas culturais, tratando de mellorar os niveis de convivencia dos alumnos/as do centro e cos seus pais, pois moitas das actividades citadas están abertas a toda a comunidade educativa.</p> <p>E- Enquisas para mestres e pais/nais. 2º trimestres. Gráficas de resultados figuran nos seguintes apartados.</p>	<p>tanto dentro coma fóra da aula.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Valorar a eficacia das actividades propostas suliñando o grado de participación, o respecto polos demais, a non discriminación dos compañeiros, etc. • Ter en conta as opinións da comunidade escolar para mellorar o plan.
--	---

4.4 Detección de necesidades.

Na avaliación de necesidades recolleuse información dos distintos puntos de vista da comunidade educativa seguindo unha técnica cualitativa, na que se empregaron como instrumentos de recollida de información os cuestionarios deseñados ao efecto.

5.- ANÁLISE DOS CUESTIONARIOS DE CONVIVENCIA

Recóllense enquisas dirixidas ao profesorado do centro e ás familias. As preguntas das enquisas agrúpanse en 3 bloques que tratan de dar resposta aos seguintes temas:

1. Valoración xeral de aspectos da convivencia no centro.
2. Frecuencia e tipo de conflitos.
3. Iniciativas útiles para mellorar a convivencia no centro.

Cada ítem pode ser respondido conforme a unha escala que ofrece distintas posibilidades: mal, regular, bo; nunca, ás veces, moitas veces; nada, algo, moito; malo, regular, normal, bo moi bo; nunca, moi pouco, ás veces, moitas veces, sempre.

Da análise dos datos recollidos, xurdiron os **resultados** reflectidos nas gráficas presentadas como anexo.

En consecuencia, podemos valorar a situación actual da convivencia no noso centro como **bastante boa**. Os problemas que aparecen nas relacións do alumnado entre si son basicamente de falta de respecto (insultos, resolución violenta dos problemas, escasa cooperación,...) e as súas

causas atopamos falta de estratexias para resolver os conflitos adecuadamente, impulsividade e pouca reflexión.

As relacións do profesorado co alumnado tamén se valoran de modo positivo, excepto situacións puntuais derivadas do incumprimento das normas establecidas.

Para rematar, tamén son ben valoradas en xeral as relacións do profesorado coas familias.

6.- RELACIÓN COAS FAMILIAS

As relacións do profesorado coas familias, en xeral son boas, implicándose estas nas propostas que se realizan. Nembargantes, obsérvase que os/as pais/nais, por causa dos horarios de traballo e costumes sociais, implícanse menos na vida escolar dos seus fillos/as. Consideramos que as familias deben coñecer as normas aplicadas no colexio e reforzalas na casa.

O noso alumnado coñece as normas, pero a algúns é necesario mostrarlles como actuar e resolver os conflitos e para iso é imprescindible a implicación das familias. Nalgúns casos será necesario realizar un traballo especial con algunhas familias, para facilitarlles o apoio, axuda e orientación que deben ofrecer aos seus fillos e fillas.

Para realizar esta función, púxose en funcionamento unha Escola de Familias ao abeiro da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, que establece na súa disposición adicional sétima que a Administración educativa impulsará nos centros educativos a creación de escolas de nais e pais, contando cos recursos humanos dos departamentos de orientación e dos centros de formación, para fomentar a participación das familias no proceso educativo e mellorar a convivencia.

***As escolas de nais e pais** creadas ao abeiro da Lei 4/2011 e reguladas nesta resolución concíbense como un espazo de diálogo, formación e información, tanto por parte de persoal experto como de formación entre iguais, e mais como un espazo de reflexión da comunidade educativa en xeral e, nomeadamente, das nais, dos pais e dos/as titores/as legais do alumnado do centro, polo que non terán natureza xurídica independente da do propio centro ao que están adscritas*

No capítulo cuarto di: "Os centros educativos poderán crear, de acordo co seu plan de convivencia, escolas de nais e pais. As normas específicas do seu funcionamento recolleranse no plan de convivencia do centro e o seu fin prioritario será propor iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo". De acordo con este capítulo, as iniciativas serán as seguintes:

*Abordar dun xeito eficaz toda a problemática que, tras un pequeno sondeo, surxe dos pais/nais do alumnado mediante **charlas** impartidas por psicólogas do gabinete ADAPHO de Pontevedra que versan sobre temas tales como:*

- O proceso de socialización a través das familias*
- escoita activa*
- Desenvolvemento evolutivo do ser humano*
- As relacións interpersonais*
- Axuda aos fillos nos estudos*
- A saúde na familiar- Actitude dos pais/nais ante a escola*

Tamén se tratan temas relacionados coas redes sociais dentro do plan director, impartidas pola Garda Civil.

7.- NECESIDADES DE FORMACIÓN E RECURSOS

O profesorado do noso centro é consciente da necesidade de formación para poder afrontar eficazmente as novas formas e estilos que esixe a educación nos nosos días. Debemos formarnos en prevención e detección de problemas nas aulas. A través de actividades formativas interesantes, integradas na práctica docente diaria, o profesorado pode resolver a falta de habilidades no manexo da aula.

Por iso, será interesante a participación dos mestres do noso centro nas actividades que se realicen dentro do Plan Anual de Formación do Profesorado, dirixidas aos ámbitos da función directiva, titorial e o departamento de orientación.

8.- CONCLUSIÓNS.

Unha vez feita a avaliación inicial (cuestionarios e análise) e de realizar as actividades comentadas no Plan, temos que indicar que ata o momento non se atopan situacións problemáticas graves e que o grado de convivencia en tódolos sectores que conforman a comunidade educativa é bo. Nembargantes, debemos suliñar, que tal e como se indicou na avaliación, é necesario facer un seguimento para paliar calquera dificultade que poidera xurdir tendo en conta que nos casos graves sería convinte a intervención e a implicación de tódolos sectores empezando polo do

profesorado, que debe dar exemplo de unión enfrentándose ao problema na busca dunha solución axeitada.

9.- PLAN DE ACTUACIÓN:

9.1.- Consideracións previas

Para desenvolver este Plan de Convivencia partimos das seguintes consideracións previas:

- *A elaboración do Plan de Convivencia é o resultado da implicación de todos os sectores que formamos a Comunidade Educativa: profesorado, familias e alumnado, para o fomento dunha boa convivencia no Centro.*
- *A **PREVENCIÓN** é a principal recomendación para a mellora da convivencia, en consecuencia o noso traballo centrarase en previr as condutas contrarias a ela no noso centro. Priorizaremos aquelas actuacións preventivas destinadas ao coñecemento dos dereitos e deberes de todos os membros da comunidade educativa e das normas necesarias para unha convivencia pacífica e respectuosa.*
- *A convivencia é un obxectivo formativo en si mesmo e fundamental en todo proceso educativo. Pretendemos establecer a organización e o funcionamento do noso colexio en base ao respecto e a responsabilidade persoal, a participación e o traballo cooperativo, o rexeitamento de toda discriminación e a compensación das desigualdades.*
- *O conflito é inherente á vida en común das persoas. É algo normal en toda sociedade libre e democrática. Debe entenderse como algo positivo para desenvolver o labor educativo e, sobre todo, servir como medio de aprendizaxe a procura dalgunha solución ao conflito de forma democrática, dialogada e pacífica.*
- *En materia de Convivencia e disciplina os alumnos están obrigados ao cumprimento no disposto no NOF. Cando sexa necesaria unha corrección ou sanción terá*

un **propósito formativo**, de modo que se garanta tanto o bo funcionamento xeral como a socialización ordenada e autónoma de todo o alumnado.

- As actitudes a desenvolver e a organización do Centro en materia de convivencia deberán basearse nas Normas de Convivencia establecidas no NOF en vigor.
- A colaboración coas familias adquire un papel central na educación do alumnado, debendo estreitar a devandita colaboración.

8- Desenvolver unha convivencia adecuada na aula precisa que exista un bo nivel de coordinación entre o equipo docente. Esta deberá establecerse sobre o esencial, marcando unha actuación coherente e unha mesma liña de traballo.

9- A acción tutorial é un instrumento de gran importancia para desenvolver a convivencia a través dela. O profesorado pode dispor dinámicas de consolidación do grupo-clase, achegar información ao profesorado e ás familias, desenvolver actitudes de comunicación, intercambio e coñecemento mutuo, de habilidades sociais, etc . O noso Plan de Acción Tutorial **debe ser asumido e coñecido por todas as partes implicadas** coa finalidade de asegurar unha boa implementación e a súa contribución á mellora da convivencia no centro.

Estes principios básicos concrétanse nos seguintes **obxectivos**:

- Desenvolver unha intervención **PREVENTIVA** como medio para lograr un clima positivo de autoestima e confianza mutua, de empatía e tolerancia, esenciais para conseguir, entre todos, un marco de convivencia que faga innecesaria a adopción de medidas disciplinarias, priorizando a educación en valores entre os contidos do currículo.
- Desenvolver no alumnado as habilidades relacionadas coa empatía e as habilidades sociais, con especial énfase na autoestima e na estima aos demais.
- Formar ao profesorado, alumnado e familias en estratexias de resolución de conflitos.

- *Priorizar a resolución dos conflitos de xeito formativo mediante a negociación e o diálogo, co esforzo conxunto do profesor e os alumnos.*
- *Practicar unha **METODOLOXÍA PARTICIPATIVA** na que o alumnado sexa protagonista, e que inclúa o traballo cooperativo, as dinámicas de grupo, as asembleas de clase, etc...*
- ***UNIFICAR OS CRITERIOS DE ACTUACIÓN** diante dos problemas de conduta do alumnado, evitando contradicións que desorienten aos alumnos.*
- *Utilizar as medidas punitivas como último recurso para solucionar os problemas de convivencia, e só despois de esgotar as estratexias motivacionais e educativas.*
- *Promover a implicación das familias na prevención e resolución de conflitos.*

9.2 ACTUACIÓNS PREVISTAS

ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	ESTRATEGIAS	RECURSOS	TEMPOS
<i>Presentación do Plan de Convivencia ás familias, profesorado e alumnado.</i>	<i>Equipo Directivo, orientador e titores.</i>	<i>Reunión informativa, entrevistas persoais.</i>	<i>P.E., NOF, salón de actos, aulas,..</i>	<i>1º Trimestre</i>
<i><u>Unificación de criterios</u> entre todo o profesorado para ter claras as medidas a aplicar a fin de evitar as contradicións e ambigüedades en caso de conflito.</i>	<i>Todo o profesorado.</i>	<i>Xuntanzas de Claustro de principios de curso para unificar criterios.</i>	<i>NOF, P.E.</i>	<i>Principio de curso.</i>
<i>Actividades de formación para o profesorado en estratexias de resolución de conflitos</i>	<i>Dpto. Orientación e profesorado</i>	<i>O Dpto. Or. facilitará ós titores material impreso referido ó tema en cuestión.</i>	<i>Cursos de formación, material impreso, etc.</i>	<i>Principios de curso.</i>
<i>Establecemento dun clima de clase baseado nas normas negociadas e acordadas que serán asumidas por toda a comunidade educativa.</i>	<i>Todo o profesorado.</i>	<i>As normas xerais acordadas no marco do Plan de Convivencia e RRI estarán visibles en todas as aulas e corredores.</i>	<i>NOF, P.E., carteis elaborados polo alumnado e profesorado.</i>	<i>1ª semanas de curso.</i>
<i>Utilización da revista “O Cervo” e da páxina web do centro como medios de prevención de conflitos.</i>		<i>Realización de traballos relacionados coa convivencia, o respecto e a igualdade de sexos.</i>		<i>2ª quincena de xuño.</i>

Asambleas de clase para analizar a marcha da convivencia en cada grupo.	-Titores -Dpto. Orientación. -Xefatura de Estudos	-O D. O. baixo supervisión de Xefatura de Estudos elaboran un cuestionario sobre a convivencia. -O titor aplica o cuestionario e debátense as conclusións no grupo.	-Cuestionario -Sociograma.	Os 3 trimestres
Celebración do “Día da Paz e a Non Violencia”.	-Equipo Directivo. -Titores -Dpto. Orientación. -Xefatura de Estudos	-Traballo nas distintas titorías sobre temas relacionados coa Paz . -Exposicións de traballos. -Publicación de traballos sobre a “Paz” na páxina web do centro.	-Normas de convivencia. -Material audiovisual. -Traballos elaborados polos grupos.	Última semana de xaneiro
Desenvolvemento das tarefas de titoría cando a persoa titora o estime necesario.	-Titores -Dpto. Orientación.	-A persoa titora fomentará os valores democráticos de convivencia e tolerancia empregando unha metodoloxía participativa.	-Normas de convivencia. -Material audiovisual. -Traballos elaborados polos grupos.	Última semana de xaneiro

Formación ás familias en estratexias de resolución de conflitos, detección de malos tratos entre iguais, etc.	-Equipo Directivo -Dpto. Orientación.	-Escola de Familias	-Sesións informativas e material impreso.	Ó longo do curso.
---	--	---------------------	---	-------------------



TAREFAS PARA GARANTIR O PRINCIPIO DE IGUALDADE

Os obxectivos que deberían encauzar un plan de igualdade no noso centro van encamiñados a favorecer a colaboración das familias co fin de eliminar a discriminación fóra da aula.

Así, estes **obxectivos** serán:

- Educar na igualdade.
- Prevenir a violencia de xénero
- Crear un ambiente distendido nas relacións persoais, aceptando as diferencias.
- Fomentar a participación do alumnado nas tarefas da clase, así como na casa.
- Fomentar a autonomía do alumnado tanto no centro coma na casa, evitando desigualdades.

*Para acadar estes obxectivos, as **tarefas** irán nesta liña:*

- Evitar o uso dunha linguaxe sexista
- Traballar na aula o coñecemento do propio corpo, para coñecer o que nos diferenciae o que nos une, para así eliminar estereotipos.
- Favorecer o espírito crítico á hora de analizar as mensaxes dos medios de comunicación.
- Buscar información, e analizar distintas situacións mediante exposicións grupais.
- Potenciar o traballo cooperativo para realizar murais e postas en común.

9.3 Protocolos de actuación

En caso de incumprimento das normas de convivencia establecidas e en relación coas alteracións do comportamento seguiremos os seguintes procedementos:

1º. APLICAR O NOF : *Nel establécense as normas internas de convivencia, describíense e clasifícanse as faltas de disciplina, infórmase das correccións estipuladas para cada unha delas e os encargados de corrixilas.*



2º APLICACIÓN DOS PROTOCOLOS ESTABLECIDOS PARA CORRIXIR ALTERACIÓNS DO COMPORTAMENTO E POSIBLES SITUACIÓNS DE ACOSO E MALOS TRATOS ENTRE IGUAIS: Para os casos especiais de alumnos que protagonicen posibles situacións de acoso e intimidación entre iguais teremos en conta os protocolos establecidos na publicación editada pola CEOU da Xunta de Galicia no ano 2007, Plan de Convivencia do Centro, no seu anexo XIII (incluído neste documento como anexo).

Aínda que a liña de actuación prioritaria que se recolle nesta publicación vai enfocada á prevención e á paulatina mellora da convivencia escolar, cómpre establecer protocolos comúns de actuación unha vez que situacións graves, como o acoso, están documentadas e probadas.

É imprescindible diferenciar claramente outro tipo de manifestacións violentas (sen continuidade no tempo, sen inferioridade dalgunha das persoas participantes,...) dos casos de verdadeiro acoso escolar. As situacións de acoso veñen definidas pola coincidencia simultánea de:

- evidente intención de facer dano
- condutas agresivas reiteradas
- desequilibrio de forzas entre a persoa ou persoas acosadoras e a vítima.

Non debemos esquecer tampouco que calquera membro da comunidade educativa ten a obriga de poñer en coñecemento do equipo directivo do centro a posible existencia de indicios razoables dunha situación desta índole. A partir desta detección hai que realizar unha recollida de información e contraste da mesma, que permita tomar a decisión máis axeitada a cada caso concreto.

Unha vez constatado que realmente se está ante un caso de acoso escolar, os pasos que haberá que seguir serán os seguintes:

- 1.-A dirección do centro redactará un informe no que se reflectan os datos significativos recollidos na investigación, que se remitirá á Inspección Educativa.



2.-O centro informará da situación á Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e á Fiscalía de Menores. Estas institucións débense poñer en contacto cos Servizos Sociais do Concello, se existen –como é o caso- e, de non existir, con Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

3.-Convén estar en contacto cos distintos servizos e institucións para realizar actuacións coordinadas.

4.-A dirección do centro manterá informado do proceso que se está a seguir ao Consello Escolar, que é o responsable de impoñer as oportunas correccións.

5.-O expediente seguirá o curso establecido no artigo 28 da lei 4/2011 .

En todo caso, ao intervir a Fiscalía de Menores, o expediente quedará en suspenso en espera da correspondente resolución xudicial.

6.-O centro educativo arbitrará medidas de actuación, complementarias ás correctivas, que permitan paliar os efectos negativos da situación de acoso e eviten que se repita. Para a organización das mesmas é fundamental ter en conta a información recollida ao longo do proceso de investigación para poder adaptalas a cada caso en concreto en función das súas características. Estas actuacións levaranse a cabo coa vítima, coa persoa ou persoas agresoras e coas persoas observadoras en particular, e, dun xeito máis global, con toda a comunidade educativa.

É moi importante a contextualización destas actuacións e que nelas estean involucradas todas as persoas ou institucións que poidan contribuír positivamente: equipo directivo, titorías, profesorado, departamento de orientación, familias, persoal non docente, equipos de orientación específicos, servizos sociais, Fiscalía de Menores, , asociacións (veciñais, culturais, etc.)...

7.-Estas actuacións deben ser coñecidas polo Consello Escolar, que valorará a súa eficacia.

10.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN E DIFUSIÓN

Ao remate de cada ano académico farase unha valoración global das accións realizadas e reflectirase nunha memoria final, na que se indicará: o nivel de



consecución dos obxectivos previstos, as dificultades atopadas e as modificacións introducidas, así como as conclusións e as propostas de mellora que deberán incorporarse en posteriores plans.

A avaliación realizarase en base a indicadores tanto cuantitativos como cualitativos, de tal xeito que, xunto cos datos obxectivos, queden recollidos os aspectos referidos á calidade e efectividade das intervencións.

Corresponde ao Observatorio da Convivencia Escolar do Centro realizar a memoria final. Contará coa colaboración do departamento de orientación así como da **persoa dinamizadora da convivencia no centro** (conforme á Orde do 17 de xullo de 2007, pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes), que deberá realizar un informe trimestral, logo das sesións de avaliación sobre o estado da convivencia, con propostas de mellora en función dos logros acadados e das dificultades existenPara avaliar o Plan de Convivencia do noso centro tomaremos como referente as actuacións marcadas. Cada una delas debe ter persoas responsables (individualmente, equipos, grupo formado para este fin,...) e uns prazos para facelo. No apartado de recursos sinalaremos todo o que pode ser útil para o plan, tanto recursos propios como alleos (documentos, rexistros, informes, medios materiais, recursos humanos,...).Unha vez rematados os prazos, anlízase o grao de consecución dos obxectivos.

ACTUACIÓN	RESPONSABLE	PRAZO	RECURSOS	GRAO DE CONSECUCIÓN			OBSERVACIÓNS	
				1	2	3		
							Dat	



							Dat	
							Dat	
							Dat	
							Dat	
							Dat	
							Dat	
							Dat	
							Dat	
							Dat	
							Dat	

CLAVE: 1.-Iniciado; 2.-En proceso; 3.-Rematado

Poderemos en todo momento empregar outros materiais e recursos para completar a nova avaliación do plan, sempre e cando enriquezan o valor desta fase do proceso.



11.- CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA.

Este apartado resérvase para a reflexión acerca das actuacións levadas a cabo e sobre a propia avaliación , así como para as propostas de mellora para os vindeiros anos. A información relativa a este punto completárase coa Memoria final do Plan de Convivencia para cada curso escolar.

11.1 .- ESTRATEXIAS DE DIFUSIÓN DO PLAN

Presentación do Plan de Convivencia aos mestres, alumnos/as e familias.

O Plan de Convivencia escolar está publicado na web deo centro, e existe unha copia na secretaría a disposición da comunidade educativa.

Así mesmo, tal e como recolle o artigo 27 do Decreto 8/2015 está prevista a inauguración da Escola de Familias o día 6 de marzo ás 18:00 h. Temos previsto a realización de talleres que versarán sobre distintas temáticas, todas elas de interese para os pais/nais/familia dos alumnos/as.

Comezaremos nesta primeira sesión cun taller organizado pola Garda Civil, no que se tratará sobre “ Os perigos de Internet/redes sociais”. Tamén contaremos nesta ocasión, coa axuda dunha psicóloga que, de maneira altruísta nos axudará a resolver dúbidas e cuestións que se nos plantexen.

Ademais desta temática tamén traballaremos sobre o control de emocións, alimentación, habilidades sociais, igualdade entre homes e mulleres acoso e ciberacoso etc...



ANEXO I: CUESTIONARIOS DE CONVIVENCIA ESCOLAR

CUESTIONARIO DE CONVIVENCIA ESCOLAR NO CENTRO EDUCATIVO.

CUESTIONARIO PARA AS FAMILIAS.

1.- Cómo valora os seguintes aspectos da convivencia no centro dos seus fillos/as? Rodee a súa opción segundo a seguinte escala valorativa: 1(mal); 2 (regular); 3 (bo).

- As relacións entre o alumnado 1 2 3
- As relacións do profesorado coas familias 1 2 3
- As relacións das familias co profesorado 1 2 3
- As relacións das familias co Equipo Directivo 1 2 3
- As relacións da familia coa Administración educativa 1 2 3

2. Cales dos seguintes conflitos se teñen producido con máis frecuencia nos últimos anos?.

Rodee a súa opción segundo a seguinte escala valorativa: 1(nunca); 2 (ás veces); 3 (moitas veces).

- Agresións verbais entre o alumnado. 1 2 3
- Agresións físicas entre o alumnado 1 2 3
- Agresións verbais de profesorado a alumnado 1 2 3
- Agresións físicas de profesorado a alumnado 1 2 3
- Agresións verbais de alumnado a profesorado 1 2 3
- Agresións físicas de alumnado a profesorado 1 2 3
- Intimidación e acoso entre alumnado 1 2 3
- Roubos 1 2 3
- Vandalismo ou deterioro grave nas cousas 1 2 3
- Problemas co consumo de drogas 1 2 3
- Indisciplina (insultos, malas contestacións e faltas de respecto) 1 2 3
- Absentismo e deserción escolar 1 2 3

3.- Na súa opinión, cales das seguintes iniciativas serían útiles para mellorar a convivencia no centro educativo?



Rodee a súa opción segundo a seguinte escala valorativa: 1(nada) 2 (algo); 3 (moito).

- Reforzar a disciplina no centro 1 2 3
- Darlle máis participación ás familias na xestión do centro 1 2 3
- Mellorar as relacións entre profesorado e familias 1 2 3
- Mellorar os recursos do centro educativo 1 2 3
- Informar ás familias sobre estratexias diante dos conflitos 1 2 3

CUESTIONARIO DE CONVIVENCIA ESCOLAR NO CENTRO EDUCATIVO.

CUESTIONARIO PARA O PROFESORADO.

1.- Cómo valora os seguintes aspectos da convivencia no seu centro?

Rodee a súa opción segundo a seguinte escala valorativa: 1(malo); 2 (regular); 3 (normal); 4 (bo); 5 (moi bo).

- O clima de traballo e as relacións entre o profesorado 1 2 3 4 5
- As relacións co Equipo Directivo 1 2 3 4 5
- As relacións do profesorado co alumnado 1 2 3 4 5
- As relacións do alumnado co profesorado 1 2 3 4 5
- As relacións entre o alumnado 1 2 3 4 5
- As relacións do profesorado coas familias 1 2 3 4 5
- As relacións das familias co profesorado 1 2 3 4 5
- As relacións coa Administración educativa 1 2 3 4 5

2.- Os conflitos que se producen con máis frecuencia son:

Rodee a súa opción segundo a seguinte escala valorativa: 1(nunca); 2 (moi pouco); 3 (ás veces); 4 (moitas veces); 5 (sempre).

- Entre o profesorado e o Equipo Directivo 1 2 3 4 5
- Entre o profesorado 1 2 3 4 5
- Entre profesorado e alumnado 1 2 3 4 5
- Entre alumnado 1 2 3 4 5
- Entre o profesorado e as familias 1 2 3 4 5
- Entre o centro escolar e a administración educativa 1 2 3 4 5
- Entre o centro escolar e o Concello 1 2 3 4 5

3. Cales dos seguintes conflitos se teñen producido con máis frecuencia nos últimos anos?.

Rodee a súa opción segundo a seguinte escala valorativa: 1(nunca); 2 (moi pouco); 3 (ás veces); 4 (moitas veces); 5 (sempre).

- Agresións verbais entre o alumnado. 1 2 3 4 5



-
- Agresións físicas entre o alumnado 1 2 3 4 5
 - Agresións verbais de profesorado a alumnado 1 2 3 4 5
 - Agresións físicas de profesorado a alumnado 1 2 3 4 5
 - Agresións verbais de alumnado a profesorado 1 2 3 4 5
 - Agresións físicas de alumnado a profesorado 1 2 3 4 5
 - Intimidación e acoso entre alumnado 1 2 3 4 5
 - Problemas entre o profesorado 1 2 3 4 5
 - Roubos 1 2 3 4 5
 - Vandalismo ou deterioro grave nas cousas 1 2 3 4 5
 - Problemas co consumo de drogas 1 2 3 4 5
 - Conductas disruptivas nas aulas (interromper a clase) 1 2 3 4 5
 - Indisciplina (insultos, malas contestacións e faltas de respecto) 1 2 3 4 5
 - Acoso sexual 1 2 3 4 5
 - Absentismo e deserción escolar 1 2 3 4 5

4.- Na súa opinión, cáles das seguintes iniciativas serían útiles para mellorar a convivencia no centro educativo?

Rodee a súa opción segundo a seguinte escala valorativa: 1(nada); 2 (moi pouco); 3 (algo); 4 (bastante); 5 (moito).

- Reforzar a disciplina no centro 1 2 3 4 5
- Consensuar normas entre alumnado e profesorado 1 2 3 4 5
- Favorecer o traballo cooperativo entre o alumnado 1 2 3 4 5
- Unificar os criterios de actuación entre o profesorado 1 2 3 4 5
- Darlle máis participación ás familias na xestión do centro 1 2 3 4 5
- Mellorar as relacións entre profesorado e familias 1 2 3 4 5
- Facer grupos de alumnado máis reducidos 1 2 3 4 5
- Mellorar os recursos do centro educativo 1 2 3 4 5
- Formar ao profesorado sobre resolución de conflitos 1 2 3 4 5
- Informar ás familias sobre estratexias diante dos conflitos 1 2 3 4 5
- Facer grupos de mediación en conflitos nos centros 1 2 3 4 5
- Adaptar o currículo ás necesidades do alumnado 1 2 3 4 5
- Utilizar unha metodoloxía máis activa e participativa 1 2 3 4 5
- Utilizar un estilo docente respectuoso e positivo 1 2 3 4 5



ANEXOII: PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ANTE O ACOSO ESCOLAR

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN UNHA VEZ DETECTADO O ACOSO

Aínda que a liña de actuación prioritaria que se recolle nesta publicación vai enfocada á prevención e a paulatina mellora da convivencia escolar, cómpre establecer protocolos comúns de actuación unha vez que situacións graves, como o acoso, están documentadas e probadas.

É imprescindible diferenciar claramente outro tipo de manifestacións violentas (sen continuidade no tempo, sen inferioridade dalgunha das persoas participantes,...) dos casos de verdadeiro acoso escolar. As situacións de acoso veñen definidas pola coincidencia

simultánea de:

- evidente intención de facer dano*
- condutas agresivas reiteradas*
- desequilibrio de forzas entre a persoa ou persoas acosadoras e a vítima.*

Non debemos esquecer tampouco que calquera membro da comunidade educativa ten a obriga de poñer en coñecemento do equipo directivo do centro a posible existencia de indicios razoables dunha situación desta índole. A partir desta detección hai que realizar unha recollida de información e contraste da mesma, que permita tomar a decisión máis axeitada a cada caso concreto.

En distintos anexos deste volume pódense atopar modelos de recollida e estruturación da información para facilitar a tarefa de investigación que hai que levar a cabo.

Unha vez constatado que realmente se está ante un caso de acoso escolar, os pasos que haberá que seguir serán os seguintes:

1.-A dirección do centro redactará un informe no que se reflectan os datos significativos recollidos na investigación, que se remitirá á Inspección Educativa.



2.-O centro informará da situación á Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e á Fiscalía de Menores. Estas institucións débense poñer en contacto cos Servizos Sociais do Concello, se existen e, de non existir, con Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

3.-Convén estar en contacto cos distintos servizos e institucións para realizar actuacións coordinadas.

4.-A dirección do centro manterá informado do proceso que se está a seguir ao Consello Escolar, que é o responsable de impoñer as oportunas correccións.

5.-O expediente seguirá o curso establecido no Real Decreto 732/1995, do 5 de maio de 1995, dereitos e deberes dos alumnos e normas de convivencia (Capítulo III). En todo caso, ao intervir a Fiscalía de Menores, o expediente quedará en suspenso en espera da correspondente resolución xudicial.

6.-O centro educativo arbitrará medidas de actuación, complementarias ás correctivas, que permitan paliar os efectos negativos da situación de acoso e eviten que se repita. Para a organización das mesmas é fundamental ter en conta a información recollida ao longo do proceso de investigación para poder adaptalas a cada caso en concreto en función das súas características. Estas actuacións levaranse a cabo coa vítima, coa persoa ou persoas agresoras e coas persoas observadoras en particular, e, dun xeito máis global, con toda a comunidade educativa.

É moi importante a contextualización destas actuacións e que nelas estean involucradas todas as persoas ou institucións que poidan contribuír positivamente: equipo directivo, titorías, profesorado, departamento de orientación, familias, persoal non docente, equipos de orientación específicos, servizos sociais, Fiscalía de Menores, ONG, asociacións (veciñais, culturais, etc.)...

7.-Estas actuacións deben ser coñecidas polo Consello Escolar, que valorará a súa eficacia.

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Educación e O.U.

CEIP "PEDRO ANTONIO CERVIÑO"

A Lagoa – Campo Lameiro 36110 CAMPO LAMEIRO

Teléf. e Fax: 986 75 20 35 e-mail: ceip.cervinho@edu.xunta.es



C.E.I.P. Pedro Antonio Cerviño
A Lagoa, O Campo - 36110- Campo Lameiro, Pontevedra
Tlf - 886151205-886151206 FAX.886151207
ceip.cervinho@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/ceippedroantonio cervino>

APROBACIÓN POLO CONSELLO ESCOLAR:

- > Acta de aprobación do Plan de convivencia
- > Acta de aprobación das NOFC.

Paulo bermúdez Búa, secretario do CEIP Pedro Antonio Cerviño

CERTIFICO

Que en reunión do Consello Escolar celebrado o día 11/12/2018 foron aprobados os o Plan de convivencia e as NOFC.

E, para que así conste, firmo a presente en Campo Lameiro, 12 do 12 de 2018

VISTO E PRACE
A DIRECTORA

O SECRETARIO



C.E.I.P. PEDRO ANTONIO CERVIÑO
Télf.: 886 151 205 - 886 151 206
36110 CAMPO LAMEIRO



Asdo: An M. Figueiras Folgar

Asdo: Paulo Bermúdez Búa